

10/623 MODIFICACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE TÉCNICO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA LIBRE (OEP 2015).- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do Xefe de Servizo de Persoal, do 24 de outubro de 2022, na parte expositiva do cal se fai constar:

“Visto que a Xunta de Goberno Local, na sesión ORDINARIA celebrada o día vinte e dous de novembro de dous mil dezasete, adoptou, entre outros, o seguinte acordo: 13/710 BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE TÉCNICO/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE (OEP 2015).

Visto que polo Decreto número 18003488, do 2 de maio de 2018, se resolveu convocar o proceso selectivo mediante o sistema de oposición para o acceso en propiedade a unha praza de Técnico/a (incluída na oferta pública de emprego do ano 2015), pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre, que se rexerá, tanto polas “Bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo, en quenda libre”, aprobadas pola Xunta de Goberno o 18 de xuño de 2008 e modificadas polo citado órgano nas sesións do 18.02.2009, 26.12.2012, 23.01.2013, 15.10.2014 e 22.03.2017, e publicadas integramente no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 099, do 2 de maio de 2017; como polas bases específicas aprobadas por acordo nº 13/710 da Xunta de Goberno Local deste Concello adoptado na súa sesión do 22.11.2017.

O antedito Decreto foi publicado no “Boletín Oficial da Provincia de Lugo” núm. 129, do 7 de xuño de 2018, e publicado extracto da convocatoria no “Diario Oficial de Galicia” núm. 149, do 6 de agosto de 2018.

Visto que a Xunta de Goberno Local, na sesión ORDINARIA celebrada o día doce de decembro de dous mil dezaioito, adoptou, entre outros, o seguinte acordo: 13/721 DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA DE TÉCNICO/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA LIBRE

A Xunta de Goberno Local, na sesión ORDINARIA celebrada o día 17 de xullo de dous mil 2019, adoptou, entre outros, o seguinte acordo: 28/452 DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA ALCALDÍA, NAS/OS TENENTAS/ES DE ALCALDESA DELEGADAS/OS DE ÁREA E NAS/OS CONCELEIRAS/OS DELEGADAS/OS, en cuxa parte dispositiva figura:

“PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local resérvase o exercicio das atribucións delegables seguintes:

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac7772405435449413186.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 26-10-2022

a) aprobar as bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo, así como a designación de membros integrantes dos tribunais de selección”

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcaldesa Delegada da área respectiva e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excm. Sra. D.ª LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Concello de Lugo (Grupo Municipal PSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. ÁLVARO SANTOS RAMOS, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Sostibilidade Urbana (GMPSdeG-PSOE); Ilma. Sra. D.ª MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos (GMPSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial (GMPSdeG-PSOE); Ilma. Sra. D.ª ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Cohesión e Dinamización Social (GMPSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego); Ilma. Sra. D.ª TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua (GMBNG) e a Ilma. Sra. D.ª. MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Participación e Servizos para a Veciñanza (GMBNG), **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Modificar o acordo 13/721 DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA DE TÉCNICO/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA LIBRE do seguinte xeito:

Presidente/a:

- Dona María Begoña López García, Técnica de Administración Xeral do Servizo de Apoio Técnico da Dirección de Economía, Facenda e Réxime Interior no Concello da Coruña.

Suplente: D.ª Ana María Rivas García, Secretaria Interventora do Concello de Becerreá.

Vogais:

- Dona Luisa Fernández Pérez, Secretaria Interventora do Concello de Samos.

Suplente: D. Juan Ignacio Márquez Gacio, Técnico do Concello de Lugo.

- Don Alejandro Maseda Mallo, Secretario de Vilalba.

Suplente: D.ª Lara Otero Díaz, Técnica de Administración Xeral do Concello de Fene.

- Don Julio Torre Rodríguez, Xefe de Servizo de Laboratorio Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Suplente: D. Alberto Rafael Castillo Reboiro, Secretario Interventor do Concello da Pobra do Brollón.

Secretario:

- Don Rafael José del Barrio Berbel, Secretario Xeral do Pleno do Concello de Lugo.

Suplente: D. Justo Díaz Rodríguez, Letrado Asesor/Vicesecretario Accidental do Concello de Lugo.

SEGUNDO.- Notifíqueseles este acordo aos/ás interesados/as facéndose constar que este acto pon fin á vía administrativa e que contra este se poden interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.

- Recurso contencioso-administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación desta resolución, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, de modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.